

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Corrección de erros.—Orde do 28 de xullo de 1992 de desenvolvemento do Decreto 142/1992, do 5 de xuño, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia.

Advertidos erros na versión galega da devandita orde, publicada no DOG nº 159, do luns 17 de agosto de 1992, cómpre face-las oportunas correccións:

—Na páxina 6.690 (anexo I), a seguir do epígrafe «Outras actuacións» di: «010 Inodoro (incluída conexión á rede de auga fría e desaugadoiro) Ud 35.000» e debe dicir:

«010 Inodoro (incluída conexión á rede de auga fría e desaugadoiro) ... Ud 20.000».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 49/1993, do 19 de febreiro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Castrelo de Miño (Ourense), dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de abastecemento de auga a Prado.

O Concello de Castrelo de Miño (Ourense), en sesión celebrada o 15 de setembro de 1989, aprobou o proxecto de abastecemento de auga a Prado e na sesión do 19 de xuño de 1992 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Calidade Medioambiental e Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e pola alínea B) 4.3 do anexo I ó Real decreto 3.037/1982, do 24 de xullo.

Considérase urxente a execución do mencionado proxecto técnico, polos problemas que a diario xorden coa tráfada actual de augas procedentes do río Miño, con especial intensidade nas épocas de primavera e verán, nas que é moi custoso evita-la contaminación, aínda empregando os medios que noutras circunstancias poden resultar máis adecuados. O problema agrávase ó ter que servirse tamén da auga o colexio público de Astariz, ó esgotarse a auga procedente dun pozo que é a que utiliza o devandito colexio.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e tres,

DISPOÑO:

Artigo único.—De conformidade co disposto no artigo cincuenta e dous da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación polo Concello de Castrelo de Miño (Ourense), dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de abastecemento de auga a Prado.

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 50/1993, do 19 de febreiro polo que se aproba o escudo heráldico do Concello de Sandiás (Ourense).

O Concello de Sandiás (Ourense) considerou conveniente adopta-lo seu escudo heráldico municipal para perpetuar, con simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica, os feitos mais relevantes e peculiares do seu pasado histórico. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións vixentes, elevou o correspondente informe e memoria descritiva para a súa aprobación definitiva.

O expediente instruíuse conforme as normas do procedemento establecidas na Lei de réxime local e mais no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

A competencia estalle atribuída á Xunta de Galicia polo artigo 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e polo anexo I-B) punto 4.3 do Real decreto 3.037/82, do 24 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e tres,

DISPOÑO:

Artigo único.—Aproba-lo escudo heráldico do Concello de Sandiás (Ourense), que quedará organizado da seguinte maneira: «De gules, unha torre de prata sobre ondas. O escudo vai timbrado coa coroa real española».

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública